

AXUDA PARA ESCRIBIR UN CONTO

1. PENSA E PLANIFICA:

Fai un borrador (“en sucio”) organizando o seguinte:

- Elixe unha **idea** para o conto.
- Quen é o **protagonista**?: Como é o protagonista, como se chama, que outros personaxes aparecen. (Ao principio, é máis fácil que practiques cun só personaxe!)
- Pensa onde e cando sucede a historia (**tempo e lugar**).
- Decide **que lle sucede** ao protagonista:
Ao principio: que problema ou desexo ten. (Nos comezos, pensa nunha soa cousa que lle ocorre!).
Despois: explica o que lle sucede máis adiante. Usa expresións como: *Un día, entón, pouco despois...*
E ao final: conta como remata o conto, como se resolve todo.

2. ORGANIZA E ESCRIBE:

Segue a orde de ideas de antes e escribe con claridade:

- Quen é e como é o protagonista.
- Onde e cando ocorre a historia.
- Que ocorre.
- Como se soluciona.

3. REVISA E TERMINA:

Repasa a túa historia, fíxate en que esté ben puntuada (utiliza os puntos e seguidos e aparte, as comas...)

Inventa un TÍTULO atractivo para o teu conto.

Podés facer un DEBUXO sobre a historia que a faga máis visual.

ÁNIMO E A ESCRIBIR!